



21 DÍAS

TRANSFORMANDO O MUNDO

CEE LÓPEZ NAVALÓN

Ante o panorama educativo, cheo de incertidume, que se presentaba a principio de curso decidimos enfocalo cara a unha mellora das prácticas hixiénicas, seguindo os protocolos sanitarios, sen descoidar o aspecto emocional (que xa estabamos a traballar en anos anteriores) e que se facían imprescindibles dadas as características do noso alumnado. Isto fixo que nos plantexáramos promover hábitos saudables contemplados desde varias perspectivas:



- Incidindo no incremento da hixiene como prevención de transmisión de enfermidades, tanto a nivel persoal como social. Este aspecto é vital para mellorar globalmente a saúde da poboación como da súa contorna, sen esquecer a repercusión no grao de autoestima que se produce no alumnado (unha boa saúde e unha axeitada imaxe corporal inflúe na percepción dun mesmo e nas relacións interpersoais)
- poñendo en valor a actividade física e alimentación saudable, baseada no incremento na dieta de vexetais. Vemos imprescindible promover desde os centros escolares a incorporación, e sobre todo, a concienciación de incrementar o consumo de froita e verdura nas dietas diarias.
- valorando a necesidade de preservar o medio ambiente, un desafío que a crise da COVID fixo que se incrementara a necesidade tomar conciencia de modelos de desenvolvemento máis sostibles e coidadosos coa natureza.

Como consecuencia tratamos de abordar este reto planificando obxectivos e deseñando actividades en torno ao mundo vexetal tentando aunar os coñecementos co respecto e sensibilidade ao medio ambiente. Deste xeito, tomando como eixe vertebrador a biblioteca do centro, puxémonos mans a obra e fomos realizando as seguintes actividades tomando como principio importante a valoración da artesanía ou traballo manual, como moderno e sostible.

Asimesmo, na nosa vida cotiá atopámonos con sustancias químicas que nos danan e perxudican ao medio ambiente, na roupa, nos produtos de limpeza e hixiene, na terra... e que nos alteran o equilibrio hormonal, no sono, no estado de ánimo, sistema respiratorio

ou problemas na pel.

Como consecuencia, traballamos coas etiquetas dos produtos, explicación de pictogramas...

Dentro das actividades feitas entresacamos as relacionadas co seguinte hábito e que nos vai guiar neste dossier:

CONCIENCIAR AO ALUMNADO DOS EFECTOS NA SAÚDE HUMANA E O MEDIO AMBIENTE DAS SUSTANCIAS QUÍMICAS PRESENTES NOS PRODUTOS DA VIDA DIARIA.

ECO-ESTAMPADO (ECOPRINT)

Esta idea surdiu despois dun obradoiro que se fixera no colexio co grupo *ecoprint: Las flores de Greta*. Ao profesorado gustounos a súa filosofía (consumo sostible, reciclado, valoración da artesanía...) e o alumnado disfrutou moito vendo como as flores e follas que eles recolleran no monte servían para trasladar o seu colorido e siluetas ás teas. Neste taller aprenderon multitude de cousas: clasificación de elementos, tratamento das formas e cor, enriquecemento con vocabulario específico, experimentación coa natureza... e paciencia!

Partindo desa motivadora experiencia e da necesidade de tomar conciencia do coidado do planeta, do impacto negativo que teñen os tintes sintéticos e para limitar o uso do plástico decidimos retomar esta actividade.

ECO-FOTOGRAFÍA (CIANOTIPIA)

Presentamos un material didáctico caracterizado por:

- Empregar a cianotipia como recurso educativo.
- Unha forma de presentación baseada no emprego de recursos steam.
- Un tratamento interdisciplinar dos contidos conceptuais, empregando o Azul de Prusia característico da cianotipia como centro de interés a partir do cal conseguir interrelacionar a historia da química coa historia da arte.
- Unha ampla variedade de contidos procedimentais: montaxes electrónicas, disolucións químicas, manexo de programas de edición fotográfica, construción de material artístico reciclado, scrapbooking,... con moitas destas secuencias técnicas documentadas gráficamente.
- Darlle unha gran importancia ós contidos actitudinais, dende actividades especificamente destinadas a desenvolver a orde no rexistro das experiencias, ata outras nas que se busca o fomento da creatividade baseada na combinatoria de procesos e materiais.

ECO-GASTRONOMÍA e SLOW-FOOD

Intentando promover este estilo de vida baseado en alimentos libres de sustancias tóxicas e valorando a calidade e diversidade do que levamos á boca deseñamos actividades relacionadas con esta filosofía. Por un lado, o taller de agrícolas adicouse a produción artesanal de vexetais e sementado e coidado en macetas recicladas de plantiñas para repartir entre toda a comunidade educativa para promover a autenticidade e a produción individual dos alimentos.

Para envolver as macetiñas utilizouse papel de xornal para minimizar o impacto ambiental.

O papel do taller de restauración foi o de promover a *eco-gastronomía* a través do uso de técnicas de cociña que poñan en valor o deleite con alimentos naturais (o pracer de comer ben e variado) e a súa difusión á comunidade escolar mediante trípticos explicativos con receitas de produtos de quilómetro cero. Deste xeito, hai un control da procedencia, da frescura e un aporte de coñecementos moi interesantes para o alumnado.

O alumnado de cerámica realizou pezas para cultivar plantas cheas de beleza e funcionalidade.

ECO-CONSTRUCCIÓN

FIBRAS VEXETAIS: VIMBIOS

Outro material co que estamos experimentando é o vimbio porque encaixa perfectamente coa visión de sustentabilidade e coidado do medio.

Destaca pola súa resistencia, flexibilidade, boa adaptación ao noso clima e moitas posibilidades de creación.

1º semana (22-26 febreiro)

ECO-PRINT

2º semana (1-5 de marzo)

CIANOTIPIA

3º semana (8-12 marzo)

HORTO E COCIÑA SEN QUÍMICOS

4ª semana (15-22 de marzo)

ESTRUTURAS CON MATERIAIS NATURAIS: O VIMIO



21 DÍAS TRANSFORMANDO O MUNDO

CEE LÓPEZ NAVALÓN



En cada hipervínculo

APRENDERÁS

poderás atopar catro carpetas de cada obradoiro:

-  **Fotos do obradoiro.**
-  **Produtos obtidos.**
-  **Recursos na rede.**
-  **Unidade didáctica.**

21 DÍAS TRANSFORMANDO O MUNDO

CEE LÓPEZ NAVALÓN



22-26 febreiro

Obradoiro de

ecoprint



ECOPRINT

Realizamos
bolsas coas
teas
estampadas.



Presentamos
alternativas aos
tintes sintéticos.



APRENDERÁS

21 DÍAS TRANSFORMANDO O MUNDO

CEE LÓPEZ NAVALÓN



1-5 de marzo

Obradoiro
cianotipia


CIANOTIPIA



Creamos
láminas
personalizadas.



Experimentamos con
técnicas de impresión,
menos agresivas para o
medio ambiente.



APRENDERÁS

21 DÍAS TRANSFORMANDO O MUNDO

CEE LÓPEZ NAVALÓN



8-12 marzo
Obradoiro de
ECO-GASTRONOMÍA

Degustación
de produtos e
cociñado con
diferentes
técnicas.



Realizamos
trípticos e
plantación
en macetas.



Poñemos en valor a
alimentación libre de
pesticidas e a
producción individual
de alimentos.



APRENDERÁS

21 DÍAS TRANSFORMANDO O MUNDO

CEE LÓPEZ NAVALÓN



15-22 marzo

Obradoiro de

ECO-
CONSTRUCCIÓN

ESTRUTURAS CON
VIMBIO



Realizamos
estruturas
sinxelas basadas
en deseños
simples feitos
con vimbios.



Iniciámonos en técnicas de
creación de estruturas
sostibles con materiais
vexetais.



APRENDERÁS